

## **COMUNICADO DE PRENSA**

**O CARBALLIÑO 22/7/17**

**O GOBERNO MUNICIPAL DO PSOE, POR MEDIO DUNHA COUCE DO SEU CONCELLEIRO DIEGO FERNÁNDEZ NOGUEIRA, DALLE UN DURO GOLPE AO CINE DO CARBALLIÑO AO ABANDONAR “CINEMAS DE GALICIA” PROMOVIDO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS DA XUNTA DE GALICIA (AGADIC).**

**CO GOBERNO MUNICIPAL ANTERIOR DO PP, NO ANO 2014, O CARBALLIÑO PRESUMIU DE SER, UN DOS CATRO PRIMIEROS CONCELLOS DE GALICIA, E O PRIMEIRO CONCELLO OURENSÁN DOS QUE INICIARON ESTE PROXECTO E HOXE BAIXAMOS A CABEZA POR VERGONZA AO SER OS PRIMEIROS DA REDE DE CINES ABSCRITOS EN MARCHAR DO CIRCUITO.**

**O CONCELLEIRO DE CULTURA, DEMOSTRA CADA DÍA A SÚA INCAPACIDADE E A SÚA SOBERBIA NA XESTIÓN DOS RECURSOS DOS QUE DISPOÑÍA CANDO EMPEZOU A GOBERNAR A MEDIADOS DO 2015.**

Dende o Partido Popular do Carballiño, queremos mostrar o nosa desconformidade co feito de que O Carballiño se teña que saír do programa CINEMAS DE GALICIA que promovido polo AGADIC da Xunta de Galicia, encomezou no outono do ano 14 sendo Carballiño o primeiro Concello Ourensán en entrar neste circuío, privilexio que compartiu con As Pontes, Foz e Sanxenxo, e que procuraba acercar as proxeccións de cine a lugares que contando coa infraestrutura suficiente puidese dispor de películas destacando entre eles os filmes galegos de máis recentes, nunha aposta clara pola nosa cultura, encadrada dentro de títulos actuais do cine europeo de primeira liña.

A colaboración de Cine Club Carballiño, faise non só necesaria senón que imprescindible, e non se pode considerar de recibo que por unha mala xestión dun espazo público como o Multifuncional do Carballiño, e que por un abuso de poder do Concelleiro de Cultura, sobre algo xa concedido, concertado e acordado, como este circuío de cine, se desmantele algo do que podíamos estar satisfeitos no Carballiño, vaías ou non vaías as sesións de cine, pois todos empezaban a dicir que no Carballiño xa volvía haber cine con regularidade.

O Concelleiro de Cultura, aínda nin sequera decatouse de que non se lle pode pedir a cine Club que por coincidencia con outras actividades (que aínda están por ver cales son), trasladen as sesións de cine a outro espazo, pois unicamente está homologado para elas a sala do Multifuncional, e ningún outro espazo do pobo cumpre cos requisitos marcados por AGADIC, que xa no seu momento, veu a facer inspección e algunha mellora se fixera dende O concello no ano 14 para que fose posible a súa utilización.

A Diego Fernández Nogueira, concelleiro de cultura, non lle é suficiente con perder subvencións para biblioteca, non lle é suficiente con non ter capacidade para contar con persoal apropiado na biblioteca, nin lle é suficiente xestionar pesimamente en tempo e forma as subvencións municipais para as asociacións e actividades, tampouco lle é suficiente non ter entrado na rede de circuítos culturais da Deputación Provincial como tampouco lle é suficiente agora despacharse cunha couce á Cine Club, a rede de CINEMAS DE GALICIA. Seguro que incluso non lle parece suficiente o soldo que cobra, mais dende o Partido Popular pensamos que o seu soldo volve a estar en entretido, pois podemos afirmar que este concelleiro resulta caro, non polo que cobra, senón polo que fai perder ao Carballiño.

Cine club do Carballiño, na actualidade e dende xa fai varios anos, ten rexurdido en canto a nivel de actividade, e non é nin xusto para eles o trato que están a ter, e debe de saber o señor concelleiro que non lle está sacando o cine a Cine Club, que o que está conquistando é sacarlle o cine aos veciños/as do Carballiño, que son os que disfrutan da posibilidade de velo venres tras venres no Carballiño.

Pedimos dende o Partido Popular, a Diego Fernández Nogueira, que si existe forma de resolver a situación creada por el mesmo que o faga de inmediato, que de non ser así, esta cuestión, xunto con outras xa pasadas e con outras situacións caóticas que están por vir e que xa anunciaremos, farán que nos vexamos obrigados a pedir a súa dimisión nesta concellería e dende logo a que non cobre a dedicación que ten asignada.